


CiTIUS

Centro Singular de Investigación
en **Tecnologías Intelixentes**

**Convocatoria de contratos de
Inicio á Etapa Predoutoral**



citius.usc.es

CONVOCATORIA DE CONTRATOS CiTIUS DE INICIO Á ETAPA PREDOCTORAL

Financiamento dunha contratación de até 6 meses a tempo completo para apoiar a persoal investigador predoutoral con interese en desenvolver a súa tese de doutoramento nunha das liñas de investigación do CiTIUS, mediante un contrato ponte entre a finalización do Máster e a consecución dunha axuda para o desenvolvemento da tese. Os contratos terán unha contía de 1.587,08 euros brutos mensuais e serán cofinanciados con recursos do persoal investigador adscrito ao centro responsable da solicitude.

As solicitudes presentaranse cun mínimo de tres meses de antelación sobre a data prevista de incorporación.

1. REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

Académicos:

- Grao e Máster ou títulos equivalentes en Enx. Informática, Enx. de Telecomunicacións, Enx. Industrial, Matemáticas ou Física, ou calquera outra disciplina afín ás Tecnoloxías Intelixentes con data de finalización de estudos posterior ao 1 de xaneiro de 2016.
- Ter solicitado ou compromiso de solicitar unha axuda predoutoral co CiTIUS ás convocatorias autonómicas (*predoutoral da Xunta de Galicia*), estatais (*Formación de Profesorado Universitario - FPU*), ou equivalentes.

Outros:

- Non gozar nin ter gozado de ningunha axuda predoutoral de entidades públicas ou privadas, nin da percepción de ningunha contía de natureza salarial para o mesmo fin.
- Non estar en posesión dun título de doutor/a.
- Compromiso de realizar a tese de doutoramento no CiTIUS, supeditado á consecución de financiamento para o seu desenvolvemento.

2. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Formulario de solicitude, dispoñible ao final deste documento.
- Copia do expediente académico de Grao ou título equivalente na que consten as cualificacións obtidas e a nota media.
- Copia do expediente académico de Máster ou título equivalente no que figuren as cualificacións obtidas e a nota media.
- Currículo Vitae da persoa solicitante.
- Compromiso asinado de presentación da súa solicitude co CiTIUS ás convocatorias públicas de axudas predoutorais autonómicas e estatais (modelo dispoñible para descarga na seguinte [ligazón](#)).

3. AVALIACIÓN

A Dirección Científica do CiTIUS será a responsable de nomear aos membros da comisión de selección de cada unha das ofertas de emprego publicadas para responder ás solicitudes a presente convocatoria.

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Expediente académico de Grao e Máster.

- Outros méritos de investigación: artigos, estadias no estranxeiro, premios, participación en proxectos de investigación, etc.

4. FORMULARIO DE SOLICITUDE

Data da solicitude:

Nome da persoa solicitante:

Programa Científico:

Teléfono:

Correo-e:

Nome da persoa beneficiaria:

Titulación de Grao ou equivalente:

Universidade ou Centro de Estudos de Grao:

Titulación de Máster ou equivalente:

Universidade ou Centro de Estudos de Máster: